

BOLSAS E AXUDAS PARA ESTUDAR

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ATA O 1 DE OUTUBRO DE 2012.

Podedes atopar o texto da convocatoria no BOE núm. 194 publicado o 14 de agosto de 2012.

1.- Quen pode solicitar estas bolsas e que requisitos xeiras deben reunir?

Poden solicitar estas bolsas os estudantes que estean matriculados no curso 2012-2013 nalgún dos seguintes niveis:

- ❖ **Bacharelato.**
- ❖ **Formación Profesional de grao medio.**
- ❖ **Programas de cualificación profesional inicial (PCPI).**

Para ter dereito á bolsa deberán reunir os seguintes requisitos:

- ❖ Posuír a nacionalidade española ou ser residente en España para alumnos doutras nacionalidades.
- ❖ Non posuír no momento de solicitar a bolsa un título de nivel igual ou superior ao dos estudos para os que se pide a bolsa.
- ❖ Reunir o resto de requisitos académicos e económicos que especifica a convocatoria.

2. Que tipo de bolsas recolle esta convocatoria e que inclúen?

- ❖ **Bolsa- salario ou compoñente de compensación** pola ausencia de ingresos de natureza laboral como consecuencia da dedicación ao estudo para Bacharelato e Ciclos Medios: 2.040 €.
- ❖ **Compoñentes para desprazamento:**

De 5 a 10 Km	192 €
De máis de 10 a 30 Km	386 €
De máis de 30 a 50 Km	763 €
De máis de 50 Km	937 €

- ❖ **Compoñente para residencia fóra do domicilio familiar:** A súa cuantía é de **2.556 €**.
- ❖ **Compoñente para material:** **204 €**. (Este compoñente é incompatible coa bolsa-salario).
- ❖ **Compoñente de mantemento** para o alumnado que curse o módulo voluntario de PCPI cun axeitado aproveitamento académico. A súa cuantía será de **1.363 €**.

3. Cales son os requisitos económicos para optar a estas bolsas?

Podedes consultalo na convocatoria oficial.

4. Cales son os requisitos académicos para poder solicitar estas bolsas?

Para Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio:

Curso	Para a obtención da bolsa xeral en calquera das súas compoñentes agás compensatoria ou bolsa-salario.	Requisitos adicionais para os compoñentes de compensatoria ou bolsa-salario.
1º	<ul style="list-style-type: none">❖ Estar matriculado de curso completo.❖ Non ser repetidor.	<ul style="list-style-type: none">❖ Para Bacharelato, ter unha nota media de 5,50 puntos en 4º de ESO.❖ Para Ciclos só se esixe estar matriculado.
2º	<ul style="list-style-type: none">❖ Estar matriculado de curso completo.❖ Non ser repetidor.❖ Nos Ciclos, ter superado o 80% dos módulos de 1º.	<ul style="list-style-type: none">❖ Para Bacharelato, requírese superar todas as materias agás unha.❖ Para Ciclos Medios, superar un número de módulo igual ao 85% das horas lectivas

5. Que outros requisitos é necesario cumprir para optar a estas bolsas?

Os alumnos que resulten beneficiarios de bolsa, como perceptores dunha subvención estatal, están obrigados a destinar a bolsa á finalidade para a que se concede. Segundo as bases da convocatoria, entenderase que non se cumpre este requisito cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- ❖ Ter causado baixa de feito no centro durante o curso.
- ❖ Non ter asistido ao 80 % ou máis das horas lectivas, salvo dispensa de escolarización.
- ❖ Non ter superado o 50% das materias nas que se matriculou, en convocatoria ordinaria nin extraordinaria.

Nestes supostos, o alumnos deberá reintegrar o importe da bolsa percibida.

6.- Como se presenta a solicitude y que documentos teño que aportar?

A solicitude **preséntase mediante formulario on-line a través da páxina web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.**

<http://www.educacion.gob.es/portada/>

Non hai que aportar documentación pois as unidades encargadas da tramitación consultarán e obterán da administración correspondente todos os datos necesarios para verificar que se reúnen os requisitos xerais, académicos e económicos.

Non obstante, en calquera momento as unidades encargadas da tramitación poderán requirir a presentación de documentación relacionada coa solicitude de bolsa.

Para calquera dúbida:

- **Teléfono:**
91 327 76 81
- **Dirección de correo:**
<http://www.educacion.gob.es/consultas-informacion/>